



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO

O día 13 de xuño do 2015 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 24 de maio do 2015.

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986), no parágrafo segundo, dispón que as delegacións xenéricas se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O artigo 25 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, establece que as delegacións que pode outorgar o Alcalde segundo o disposto na consideración anterior, deberán adaptarse ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico distribúa os servicios administrativos do Concello.

O Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) non determina as áreas nas que se distribúen os servicios administrativos do Concello, aínda que, entre outras consideracións, establece no artigo 15 que as delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abranger tanto a facultade de dirixir os servicios correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Por Resolución da alcaldía 804/2015 do 2 de xullo acordouse crear unha serie de áreas do goberno local, posteriormente modificadas por Resolución da alcaldía 1153/2016.

O pasado 06.04.2018 produciuse un cambio da alcaldía e por Resolución do 09.04.2018 nomeáronse novos membros da Xunta de Goberno Local e tenentes de alcalde. Froito destes cambios, resulta procedente facer axustes nas áreas de goberno.

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) para a dirección do goberno e administración local, resolvo:

1º Modificar a subárea de Persoal dentro da **área de Organización e seguridade**, quedando como segue:

- ✓ **Persoal:** comprende a xestión dos recursos humanos, organización do concello, métodos de traballo, relacións cos representantes dos traballadores e arquivo municipal.

2º Modificar a subárea de Servizos dentro da **área de Organización e seguridade**, quedando como segue:

- ✓ **Servizos:** comprende a xestión dos servizos básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, limpeza de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos...), mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, mantemento de edificios e instalación municipais e o control e seguimento das obras de xestión directa.

3º Modificar a subárea de Seguridade dentro da **área de Organización e seguridade**, quedando como segue:

- ✓ **Seguridade:** comprende a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas e policía local. Licenzas e Rexistro de animais perigosos.

4º Crear a subárea de **Protección Civil** dentro da **área de Organización e seguridade**, quedando como segue:

- ✓ **Protección Civil:** comprende a dirección e xestión da Agrupación de voluntarios de protección civil.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G



5º Modificar a subárea de **Facenda e Patrimonio** dentro da área de **Dinamización económica**, quedando como segue:

- ✓ **Facenda e Patrimonio:** comprende a xestión económica do concello, seguimento e control de investimentos, preparación dos orzamentos, xestión tributaria e recadación, política fiscal, preparación das ordenanzas fiscais, estatística, patrimonio municipal (inventario de bens, dereitos e obrigas; administración e defensa do patrimonio municipal, expropiación forzosa non urbanística), contratación pública e coordinación da licitación

6º Modificar a subárea de **Promoción Económica** dentro da área de **Dinamización económica**, quedando como segue:

- ✓ **Promoción económica:** comprende as políticas municipais de dinamización e potenciación da vida económica local, industria; relacións cos axentes locais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas, promoción das novas tecnoloxías, promoción do comercio e xestión da mellora dos servizos municipais en favor da eficiencia enerxética e na utilización dos recursos públicos; feiras, mercados, abastos, lonxas e comercio ambulante.

7º Crear a subárea de Turismo dentro da área de **Dinamización económica**, quedando como segue:

- ✓ **Turismo:** comprende a dirección e xestión das políticas públicas municipais relacionadas co turismo e promoción dos valores turísticos do concello.

8º Modificar a subárea de **Medio Ambiente** dentro da área de **Desenvolvemento territorial e do medio**, quedando como segue:

- ✓ **Medio ambiente:** comprenderá a xestión de políticas municipais do medio ambiente, praias, ríos e ribeiras, deseño de novos espazos públicos, control de pragas, servizo de lacería, promoción da educación ambiental (redución do lixo, recollida selectiva, compostaxe...) e o Punto limpo.

9º Efectuar a favor dos Sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes **delegacións xenéricas** correspondentes ás áreas que se relacionan:

I Delégaselle a **Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio** ao concelleiro Juan José Franco Casal

II Delégaselle a **Área de Organización e Seguridade** ao concelleiro Andrés Serantes Panceiras.

III Delégaselle a **Área de Dinamización Económica** á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente

IV Delégaselle a **Área de Dinamización Social e Transparencia** ao concelleiro Xoán Manuel Rodríguez Bastida

10º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaráanse ó seguinte réxime xurídico:

- Abarcarán a facultade de coordinar as diferentes subáreas nas que se divide cada área, dirixindo os servizos correspondentes, sen prexuízo das facultades de xestión encomendadas aos delegados especiais, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 2 de outubro.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G



d) Corresponderá á Alcaldía resolver las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

11º Conferir as seguintes **delegacións especiais** ós seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

I Conferir a delegación especial das subáreas de **Urbanismo e Vivenda** (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio), **Formación e Emprego** (Área de Organización e Seguridade) e **Turismo** (Área de Dinamización económica) no concelleiro Juan José Franco Casal.

II Conferir a delegación especial das subáreas de **Obras** (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio), **Medio Ambiente** (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) e **Promoción Económica** (Área de Dinamización Económica) no concelleiro César Daniel Castro García.

III Conferir a delegación especial da subárea de **Persoal** (Área de Organización e Seguridade) ao concelleiro Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez

IV Conferir a delegación especial da subárea de Servizos (Área de Organización e Seguridade) ao concelleiro José Andrés Serantes Painceiras.

V Conferir a delegación especial das subáreas de **Seguridade** (Área de Organización e Seguridade), **Facenda e Patrimonio** (Área de Dinamización económica) e **Cultura** (Área de Dinamización social e Transparencia) á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

VI Conferir a delegación especial das subáreas de **Xuventude e Ensino** (Área de Dinamización social e Transparencia) á concelleira Ana María Novo Picos

VII Conferir a delegación especial das subáreas de **Deportes e Participación e información cidadá, transparencia e comunicación** (Área de Dinamización social e Transparencia) ao concelleiro Xoán Manuel Rodríguez Bastida

VIII Conferir a delegación especial das subáreas de **Protección Civil** (Área de Organización e Seguridade) e **Benestar Social e Igualdade** (Área de Dinamización social e Transparencia) á concelleira Juana Barro Couto.

12º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais.

13º Esta resolución será efectiva dende o día da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Así mesmo, esta resolución será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

14º Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ao Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

15º Correspóndelle á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan no funcionamento ordinario en torno á adscripción a unha área determinada dunha concreta materia.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE

CIF: P-1503600-G



En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

CIF: P-1503600-G

FIRMADO POR Gumersindo Pedro Galego Feal (NIF: 76404133L) (FECHA: 10/04/2018), Estefanía Manteiga Lamas (NIF: 46899973Y) (FECHA: 10/04/2018)

Decreto Nº: 393/2018 - Fecha de decreto: 10/04/2018
Versión imprimible

CVD: 4qFNSnHEnPcJSipqi9tB
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 - 15500 - FENE